

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Orde do 12 de decembro de 2008 pola que se autoriza a apertura e o funcionamento do centro privado Pelomanía, do concello de Betanzos, para impartir un ciclo formativo de grao medio de perrucaría.*

Examinado o expediente instruído por instancia de José Alberto Catalá Hidalgo, en que solicita a apertura e funcionamento do centro privado Pelomanía, do concello de Betanzos, para impartir o ciclo formativo de grao medio de perrucaría.

Tendo en conta que o expediente foi tramitado pola Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Coruña, que o remite cos informes correspondentes.

Vistos a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación; o Real decreto 1538/2006, do 15 de decembro, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo; o Decreto 59/1999, do 18 de febreiro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en perrucaría; o Decreto 133/1995, do 10 de maio, sobre autorización de centros docentes privados para impartir ensinanzas de réxime xeral non universitarias; a Orde do 20 de setembro de 1995 que desenvolve este Decreto e a Orde do 21 de decembro de 1999 pola que se regulan determinados aspectos relativos a autorización de centros privados exclusivos de formación profesional específica, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Esta Consellería, por proposta da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa,

#### **DISPÓN:**

Primeiro.-Autorizar, con efectos para o ano académico 2009/2010 e de conformidade coa normativa vixente aplicable, a apertura e funcionamento do centro privado Pelomanía, do concello de Betanzos, para impartir o ciclo formativo de grao medio de perrucaría, segundo se especifica no anexo desta orde.

Segundo.-Antes da posta en funcionamento das ensinanzas que se autorizan, a Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, despois do informe da Inspección Educativa, aprobará expresamente a relación de persoal que impartirá docencia no devandito centro, así como o equipamento adecuado.

Terceiro.-Queda o centro obrigado ao cumprimento da lexislación vixente e a solicitar a oportuna revisión cando teña que modificarse calquera dos datos que sinala esta orde.

Esta orde, que esgota a vía administrativa, poderá ser obxecto de recurso potestativo de reposición ante

a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 12 de decembro de 2008.

Laura Sánchez Piñón  
Conselleira de Educación e Ordenación  
Universitaria

#### **ANEXO**

Provincia: A Coruña.

Localidade: Betanzos.

Concello: Betanzos.

Enderezo: Avda. de Castela, 44, baixo.

Código do centro: 15032704.

Denominación: centro privado Pelomanía.

Titular: José Alberto Catalá Hidalgo.

Ensinanzas que se autorizan:

Familia profesional: Imaxe persoal.

1 ciclo formativo de grao medio de perrucaría (2 unidades para 20 alumnos unidade).

#### **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

*Decreto 293/2008, do 18 de decembro, polo que se declaran como zonas de especial interese agrario as comarcas de Bergantiños, Barbanza, Eume, Muros, Noia, Santiago de Compostela, O Sar, Os Ancares, Lugo, Sarria, A Ulloa, Allariz-Maceda, Baixa Limia, Terra de Trives, A Paradanta e Pontevedra.*

A Lei 7/2007, do 21 de maio, de medidas administrativas e tributarias para a conservación da superficie agraria útil e do Banco de Terras de Galicia, recolle nos seus artigos 2.2º e 3.11º que terán a condición de zonas de especial interese agrario (ZEIA) para os efectos de aplicación desta lei, aqueles ámbitos territoriais que, mediante decreto, determine o Consello da Xunta por seren necesarios para acadar unha axeitada xestión do Banco de Terras de Galicia.

O Banco de Terras de Galicia constitúe un instrumento fundamental para impulsar o medio rural, favorecendo a mobilidade das terras que están improdutivas, evitando o seu abandono e a perda de superficie agraria útil.

A xestión do banco de terras pode favorecer a ampliación de explotacións existentes e impulsar o

nacemento de novas explotacións supoñendo un importante medio de xeración de emprego no rural e remuda xeracional ao favorecerse a incorporación de xente nova ás actividades agropecuarias.

A ampliación da base territorial das explotacións permitirá unha menor dependencia de pastos e forraxes externos, así como a posible diversificación de cultivos, aumentando a capacidade produtiva das explotacións e a posibilidade de apertura a novos mercados para a comercialización dos produtos agrarios.

Obxectivos e finalidades que redundan nunha elevación do nivel de vida dos agricultores, abrindo e facendo atractiva a actividade agraria a novos sectores de poboación para o seu asentamento no rural, superando así o envellecemento e o abandono do agro galego.

A posta en valor dos predios agrarios infrautilizados, semiabandonados ou en grave situación de abandono son unha potencial fonte de riqueza sobre as que o banco de terras debe incidir de xeito especial, poñéndoo á disposición das explotacións para establecer, ampliar ou dotarse dunha base territorial que mellore a súa competitividade e viabilidade técnico-económica e social.

Para acadar este obxectivo, a Xunta de Galicia procederá á declaración de zonas de especial interese agrario ata abranguer de xeito progresivo a práctica totalidade da superficie agraria do territorio galego.

Mediante o Decreto 206/2007, do 25 de outubro, a Xunta de Galicia iniciou a declaración de zonas de especial interese agrario co obxectivo de acadar de xeito progresivo a práctica totalidade da superficie agraria do territorio galego.

Mediante o Decreto 263/2007, do 28 de decembro, a Xunta de Galicia continuou coa declaración de zonas de especial interese agrario.

Logo dunha primeira análise do territorio determináronse unhas zonas caracterizadas pola súa alta produtividade agrícola e gandeira posta de manifesto pola existencia de explotacións que o avalan ou polas propias características e potencialidade dos terreos ou zonas en que se localizan. Zonas que foran obxecto de concentración parcelaria ou que poderán selo no futuro, nas cales, a actividade agropecuaria, número de explotacións, plans de mellora, incorporación de mozos e mozas á actividade agraria, son factores que se tiveron en conta para a determinación de zonas de especial interese agrario que realiza este decreto.

Por todo o exposto, de conformidade coa proposta do conselleiro do Medio Rural e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día dezoito de decembro de dous mil oito,

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1º

Declárase de especial interese agrario o solo rústico de protección agropecuaria situado dentro do ámbito territorial dos concellos seguintes:

-Na comarca de Bergantiños: A Laracha, Carballo, Coristanco, Malpica de Bergantiños, Ponteceso, Cabana de Bergantiños e Laxe.

-Na comarca do Barbanza: Rianxo, Boiro, A Pobra do Caramiñal e Ribeira.

-Na comarca do Eume: As Pontes de García Rodríguez, Monfero, A Capela, Cabanas e Pontedeume.

-Na comarca de Muros: Muros e Carnota.

-Na comarca de Noia: Outes, Noia, Lousame e Porto do Son.

-Na comarca de Santiago: Val do Dubra, Ames, Brión, Teo, Santiago de Compostela, Boqueixón e Vedra.

-Na comarca do Sar: Rois, Padrón e Dodro.

-Na comarca dos Ancares: Navia de Suarna, Cervantes, Becerreá, Baralla, As Nogais e Pedrafita do Cebreiro.

-Na comarca de Lugo: Friol, Outeiro de Rei, Rábadade, Lugo, Guntín, Portomarín, O Corgo e Castroverde.

-Na comarca de Sarria: Láncara, O Páramo, Paradelas, Sarria, O Incio, Samos e Triacastela.

-Na comarca da Ulloa: Palas de Rei, Monterroso e Antas de Ulla.

-Na comarca de Allariz-Maceda: Xunqueira de Espadanedo, Maceda, Paderne de Allariz, Baños de Molgas, Xunqueira de Ambía e Allariz.

-Na comarca da Baixa Limia: Bande, Lobeira, Entrimo, Lobios e Muíños.

-Na comarca de Terra de Trives: San Xoán de Río, A Pobra de Trives, Manzaneda e Chandrexa de Queixa.

-Na comarca da Paradanta: O Covelo, A Cañiza, Crecente e Arbo.

-Na comarca de Pontevedra: Campo Lameiro, Cotobade, A Lama, Ponte Caldelas, Barro, Pontevedra, Poio e Vilaboa.

-Na comarca de Caldas: Catoira.

##### Artigo 2º

A estas zonas seranlles de aplicación os preceptos da Lei 7/2007, do 20 de maio, de medidas administrativas e tributarias para a conservación da superficie agraria útil e do Banco de Terras de Galicia.

#### Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase a Consellería do Medio Rural para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución deste decreto.

Segunda.-Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, dezoito de decembro de dous mil oito.

Emilio Pérez Touriño  
Presidente

Alfredo Suárez Canal  
Conselleiro do Medio Rural